

1. Os contidos da materia estrutúranse nun bloque introdutorio titulado **a xeografía e o estudo do espazo xeográfico**, e doce unidades repartidas como segue:

- Catro de **xeografía física (a diversidade xeomorfolóxica do relevo peninsular e insular, a diversidade climática e a vexetación, a hidrografía, as paisaxes naturais e as relacións entre natureza e sociedade)** que se impartirán durante a primeira avaliación.

- Unha que describe as características da **poboación española**.

- Tres de xeografía económica: **o espazo rural e as actividades do sector primario, as fontes de enerxía e o espazo industrial, o sector servizos**.

- Unha dedicada ao **espazo urbano**.

- Dúas de **xeografía política: as formas de organización territorial, España en Europa e no mundo**.

(Acceso directo aos [contidos da materia no curso virtual](#) dispoñible na aula virtual do
IES Campo de San Alberto

2. Sistema de avaliación na materia:

2.1. **Procedementos de avaliación:** observación do traballo e participación activa do alumnado nas sesións presenciais que suporá ata o 10% da cualificación.

2.2. **Instrumentos:**

a) Realización de dúas probas escritas en cada avaliación que suporarán ata o 70% da cualificación.

b) Producións entregadas a nivel individual ou do pequeno grupo polo alumnado: ata o 20% da cualificación.

3. Metodoloxía didáctica aplicada nas sesións da materia:

- **Traballo colaborativo** na aula con presentacións dixitais, audiovisuais e prácticas dispoñibles no [curso virtual da materia](#).

- **Traballo individual** co libro de texto e tarefas dispoñibles no [curso virtual da materia](#).

- **Preparación das probas escritas da ABAU** para resolvelas exitosamente.

4. Resultados acadados polo alumnado que escolleu esta materia no curso 2019/20:

Nun total de 13 alumnas e alumnos que cursaron a Xeografía de España no curso 2019/20: **tres sobresalientes** (23%), **cinco notables** (38,46%), 4 aprobados (30,77%) e só unha persoa non acadou cualificacións positivas.

5. Profesor que se ofrece para impartir a materia: **Raúl Soutelo**.